

Termos para definir

Bloque 1. Historia Moderna (séculos XVI - XVII)

- **Converso:** persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente á que profesaba anteriormente. Na España dos séculos XVI e XVII aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao Cristianismo, ben por convicción, ben para evitar persecucións. O aumento do número de conversos agravou o odio popular contra estes novos cristiáns, acusados de converterse falsamente e manter en segredo a súa fe (eran os chamados “xudaizantes” e os “mouriscos”). Moitos deles foron perseguidos por este motivo polo tribunal da Inquisición.
- **Gran Armada:** gran frota de 130 navíos formada por Felipe II en 1588 co obxectivo de desembarcar en Inglaterra e destronar á raíña Isabel I, debido á súa política anticatólica, a defensa dos corsarios e o apoio aos rebeldes flamengos. A Gran Armada partiu de Lisboa e, tras recalar na Coruña, chegou ao Canal da Mancha, onde debía embarcar aos Terzos de Flandes para despois invadir Inglaterra. Os ataques ingleses e, sobre todo, os temporais, obrigaron a rodear as illas Británicas, naufragando a maioría dos barcos. Tras a derrota, os ingleses denominaron sarcásticamente a esta frota como a “Armada Invencible”.
- **Mourisco:** poboación musulmá dos reinos hispánicos que se converteu ao Cristianismo para poder permanecer nestes territorios. A conversión forzosa significou a fin oficial da poboación musulmá en España, aínda que moitos mantiveron a súa lingua e costumes, especialmente no territorio do reino de Granada. A minoría mourisca era rexeitada pola poboación, que consideraba falsa a súa conversións ao Cristianismo, polo que era catalogada como aliada dos piratas berberiscos e turcos. Os mouriscos das Alpuxarras granadinas subleváronse en 1568 contra o trato discriminatorio que recibían, e tras unha guerra foron expulsados. En 1609 Felipe III ordenou a completa expulsión dos mouriscos de todos os seus reinos, con graves consecuencias para Aragón e Valencia, onde se despoboaron comarcas nas que o traballo deste grupo era fundamental na artesanía e na agricultura.
- **Terzos:** unidade militar de infantaría, de ataque e de defensa, que se poden considerar como os primeiros exércitos profesionais, formados por soldados tanto voluntarios como de recrutamento. Aínda que a súa organización xa foi perfilada polos Reis Católicos, os Terzos

foron oficialmente creados no século XVI polo emperador Carlos I. Os primeiros organizáronse nas posesións españolas en Italia (os chamados “terzos vellos”), e despois foron emprazándose, sobre todo, nas posesións europeas da Monarquía Hispánica, destacando pola súa eficacia e fama os Terzos de Flandres. Estas unidades militares, que loitaban con armas brancas (picas, espadas) e de fogo (arcabuces, mosquetes), supuxeron un avance fundamental na modernización dos exércitos da época, e consagraron o dominio da infantería sobre a cabaleiría, que fora a dominante na época medieval.

- ***Unión de Armas***: proxecto elaborado en 1625 polo valido de Felipe IV, o conde-duque de Olivares, no que propoñía o reparto da carga militar e fiscal da defensa do territorio entre todos os reinos da Monarquía Hispánica, xa que ata entón esta recaía principalmente sobre Castela. O novo exército permanente estaría formado por 140.000 soldados achegados polos distintos reinos en función da súa poboación e riqueza. Estas reformas inscribíanse nun plan máis amplo que pretendía unificar politicamente o Imperio e crear unha estrutura centralizada do Estado, e implicaba abolir os particularismos de reinos que contaban con privilexios institucionais. Isto suscitou unha forte oposición dos distintos reinos, e o proxecto de reforma acabou fracansando pola rebelión de Cataluña e Portugal en 1640.
- ***Valido***: tamén chamado “favorito” ou “privado”, era unha persoa da máxima confianza do rei, en quen este delegaba os seus poderes, ata o punto de entregarlle o goberno do reino (o que algúns validos utilizaron para o seu propio beneficio e o dos seus achegados). Nunca foi un cargo oficial, senón que unicamente servían ao monarca mentres este tiña confianza na persoa escollida. Esta figura non só existiu na Monarquía Hispánica, senón que se xeneralizou por Europa durante o século XVII. Os máis destacados foron o duque de Lerma (no reinado de Felipe III) e o conde-duque de Olivares (no de Felipe IV).
- ***Xuntas do Reino de Galicia***: institución creada no século XVI para actuar en representación do Reino de Galicia ante a Coroa durante o Antigo Réxime. Presididas polo Gobernador e Capitán Xeneral de Galicia, as Xuntas do Reino estaban integradas polos deputados das cidades capitais das sete provincias galegas (Santiago, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui). As súas reunións tiñan lugar a petición do monarca para repartir a carga fiscal e as levas militares concedidas previamente polas Cortes castelás, e servían tamén para debater a situación do reino e facer chegar ao rei as súas peticións. Unha das reivindicacións máis importantes foi a concesión de voto a Galicia nas Cortes de Castela, que obtiveron no reinado de Felipe IV, en 1623.